

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2026 pola que se convocan concursos públicos para a provisión de prazas de profesorado axudante doutor.

Este reitorado, ao abeiro do acordo do Consello de Goberno, do 11 de marzo de 2025, polo que se faculta o Vicerreitorado de Profesorado para convocar os concursos públicos para a provisión das prazas de profesorado axudante doutor que resulten vacantes ou desertas como consecuencia do desenvolvemento dos procesos selectivos de prazas de profesorado, resolve convocar os concursos para a provisión das prazas de profesorado axudante doutor que figuran no anexo I.1 desta resolución, de conformidade coas seguintes

Bases da convocatoria**1. Normas xerais.****1.1. Este concurso réxese, ademais de polo disposto nesta convocatoria:**

- Pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (en diante, LOSU).
- Pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP).
- Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).
- Pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, sobre contratación de profesorado universitario.
- Polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.
- Polo Regulamento de selección de profesorado, aprobado polo Acordo do Consello de Goberno da USC do 11 de outubro de 2023 (DOG do 6 de novembro) (en diante, Regulamento).



– Polo II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, subscrito con data do 26 de xaneiro de 2011 (DOG do 14 de abril), prorrogado con data do 12 de xullo de 2013 (DOG do 29 de xullo) e adaptado aos cambios normativos producidos con posterioridade á súa aprobación polo Acordo da Comisión Paritaria do 7 de febreiro de 2025 (DOG do 14 de marzo) (en diante, Convenio).

1.2. Esta convocatoria comprende os concursos independentes que figuran no anexo I.1, cada un deles co número de prazas que se indica no dito anexo.

1.3. Naqueles concursos en que se oferte máis dunha praza, reservarase unha delas para as persoas que teñan recoñecido legalmente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. As prazas reservadas ás persoas con discapacidade que queden desertas poderanse prover co resto das persoas candidatas que superasen o concurso e consten na proposta de provisión formulada pola Comisión de Selección.

1.4. As referencias que para cada posto de traballo se conteñen nesta convocatoria en relación coas obrigas docentes e de investigación que deberán asumir as persoas seleccionadas non suporán en ningún caso, para quen obteña estes postos, un dereito de vinculación exclusiva a esas actividades, nin limitarán a competencia da Universidade para asignarlles unhas tarefas docentes e investigadoras diferentes. Do mesmo modo, a referencia ao centro en que se desenvolverá a actividade docente non suporá o dereito a non exercer actividade docente ou investigadora noutro centro dependente da propia universidade, aínda que radique en localidade distinta, de acordo, en todo caso, co que estableza o convenio colectivo e demais normas de aplicación.

1.5. Cando os prazos a que fai referencia esta convocatoria se expresen en días, entenderase que estes son hábiles e excluíranse do cómputo os sábados e domingos e os declarados festivos, segundo o disposto no artigo 30 da LPACAP. Consideraranse festivos, para estes efectos, os festivos locais tanto de Santiago de Compostela como de Lugo e ampliarase en calquera caso, en ambos os dous campus, o prazo establecido por un número de días igual ao dos festivos existentes.

Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O mes de agosto será inhábil para a publicación de convocatorias, presentación de solicitudes de participación en procesos selectivos, publicación de listaxes e cómputo de prazos, así como para a reunión das comisións de selección.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



1.6. O prazo máximo para a resolución do concurso será de tres (3) meses, contados a partir da data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Requisitos das persoas aspirantes.

2.1. Requisitos de carácter xeral para poderen ser admitidas neste concurso:

a) Posuír a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da Unión Europea ou país estranxeiro que, nos termos previstos no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación e demais requisitos exixidos na convocatoria para cada tipo de praza.

c) Cumprir os requisitos de idade máxima e mínima legalmente establecidos para o acceso ao emprego público.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

e) Acreditar o coñecemento das dúas linguas oficiais na Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

f) Non ter sido despedido ou separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a que pertencía.

No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

2.2. Requisitos de carácter específico:

a) Estar en posesión do título de doutor/a. Os títulos extranxeiros deberán ter obtido previamente a declaración de equivalencia por parte dunha universidade española.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



b) Non ter esgotado o tempo máximo de seis anos de duración conxunta como contratado na figura de profesor/a axudante doutor/a nesta ou noutra universidade.

Non obstante, cando a persoa contratada teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o tempo máximo poderase ampliar ata os oito (8) anos. Do mesmo modo, cando esta situación de discapacidade dea lugar a unha redución da xornada, o tempo máximo do contrato ampliarase polo tempo equivalente á xornada que se reducise.

2.3. O cumprimento destes requisitos, tanto de carácter xeral como específico, excepto o sinalado no punto 2.1.e), estará referido sempre á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación e deberase manter ao longo de todo o proceso selectivo.

3. Solicitudes.

3.1. As persoas que desexen participar nesta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude, xunto coa documentación correspondente, unicamente por medios electrónicos, a través da aplicación de probas selectivas do PDI (en diante, aplicación de concursos), á cal se pode acceder a través da seguinte ligazón na sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/114/ver.htm>), para o cal deberán empregar os medios de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm>).

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidades distintas da española poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos.

No caso de que as persoas aspirantes desexen participar en máis dun concurso, deberán cubrir na aplicación de concursos unha solicitude para cada un deles. Neste suposto, o sistema ofrecerá a posibilidade de executar un duplicado da solicitude presentada nesta aplicación nun anterior concurso. A persoa aspirante deberá comprobar nesta nova solicitude a incorporación efectiva dos datos e méritos que se pretenden duplicar e alegar. A documentación acreditativa, en formato pdf, deberase engadir unicamente no suposto de conter información distinta e/ou actualizada da achegada na solicitude de orixe.

A non presentación da solicitude a través dos procedementos e formularios descritos neste punto será causa de exclusión e non se poderá emendar no prazo establecido na base 5.2 desta convocatoria.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



3.2. A documentación complementaria presentárase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal e empregando o formato de arquivo pdf. As copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información na declaración, así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a non selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

3.3. Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas con necesidades específicas derivadas de alteracións físicas, psíquicas ou sensoriais cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán xustificar esta circunstancia e poderán solicitar as medidas ou os recursos adicionais necesarios para desenvolver o procedemento selectivo.

Quen solicite proba adaptada deberao facer constar expresamente no momento da inscrición e motivalo.

3.4. As solicitudes deberán presentarse no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

3.5. Dereitos de exame.

As persoas aspirantes deberán aboarlle á USC dentro do prazo de solicitude, por cada concurso en que soliciten participar, a cantidade de 44,17 euros en concepto de dereitos de exame.

Estarán exentas do pagamento da totalidade da taxa por dereitos de exame:

1) Aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

2) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.



Gozarán dunha bonificación do 50 % da taxa por dereitos de exame:

1) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.

2) As persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e que non estean percibindo prestación ou subsidio por desemprego.

Todas as circunstancias que supoñen unha bonificación total ou parcial das taxas por dereitos de exame deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, achegando, na epígrafe que corresponda da aplicación de concursos, a copia en pdf da cualificación do grao de discapacidade ou do carné de familia numerosa, segundo corresponda. As relativas á condición de demandante de emprego, así como ao feito de non percibir prestación ou subsidio por desemprego, deberánse acreditar mediante o correspondente pdf dos certificados expedidos polo Servizo Público de Emprego e incorporalos na epígrafe que corresponda.

A persoa solicitante deberá realizar a liquidación de taxas na aplicación de concursos e o seu aboamento a través dun dos seguintes medios e sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes:

1) Pagamento presencial a través do impreso de autoliquidación. Para iso, deberá seleccionar esta opción no formulario electrónico, imprimir o documento de pagamento e realizar o ingreso na entidade bancaria.

2) Pagamento electrónico mediante tarxeta de crédito. Para iso, deberá seleccionar esta opción no formulario electrónico e realizar o pagamento a través da pasarela bancaria a que se lle dea acceso a través da aplicación informática.

Serán excluídas todas as persoas aspirantes que non aboen a totalidade dos dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes. No caso de que as persoas aspirantes se acollesan a unha exención ou bonificación e non o xustifiquen, serán excluídas do procedemento por non teren completado o pagamento da totalidade das taxas dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. Para tal efecto, o reintegro realizarase de oficio, para o cal terán que facer constar a entidade bancaria e o seu número de conta

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



no recadro que figura na solicitude. De non figuraren estes datos, entenderase que renuncian á devolución dos dereitos de exame.

En ningún caso a presentación e o pagamento da taxa suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

3.6. Para calquera aclaración ou información sobre a tramitación electrónica, as persoas solicitantes poderanse pór en contacto co Centro de Atención aos/as Usuarios/as seguindo o procedemento indicado na páxina <http://www.usc.gal/gl/servizos/atic/cau/>

No caso de non poder formalizar a solicitude mediante o formulario electrónico dentro dos prazos establecidos, e sempre que o motivo sexa por causas técnicas non imputables ao/a interesado/a que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica, observase o que a USC estableza nesta materia para tal fin.

4. Documentación acreditativa de requisitos e méritos.

Xunto coa solicitude, e sempre a través da aplicación de concursos, presentarase a documentación acreditativa de requisitos e méritos alegados no *curriculum vitae*. Os documentos acreditativos de requisitos e méritos deberán estar en formato pdf e emitidos en español, galego ou en calquera dos idiomas cooficiais das comunidades autónomas do Estado que así os recollan nos seus estatutos de autonomía. Os méritos das epígrafes 3 a 6 do baremo recollido no anexo II poderanse acreditar tamén nalgunha das linguas de uso habitual na área de coñecemento da praza convocada a concurso. En calquera caso, de consideralo necesario para unha correcta valoración do mérito, a Comisión de Selección poderá requirirle a persoa solicitante que achegue unha tradución para algunha das linguas oficiais da USC.

4.1. Acreditación de requisitos.

A documentación que en todo caso se debe presentar é a seguinte:

a) Copia dixitalizada en formato pdf do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade.

As/os descendentes e descendentes do cónxuxe non separado de dereito deberán presentar, ademais, os documentos acreditativos do vínculo de parentesco e, se é o caso, do feito de viviren a expensas ou estaren a cargo dun nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, cando así o estableza un tratado internacional suscrito pola



Unión Europea e ratificado por España, co cal teñan o dito vínculo. A acreditación realízase por medio de certificados expedidos polas autoridades competentes do seu país de orixe, traducidos para algunha das linguas oficiais da USC.

b) Copia dixitalizada en formato pdf do título universitario oficial de doutor/a (anverso e reverso). No caso de ter realizado o depósito do título universitario oficial no último ano e non estar expedido, poderá presentarse a copia dixitalizada da certificación supletoria do título correspondente.

Os títulos expedidos por universidades ou autoridades estranxeiras deberán ser acreditados mediante a declaración de equivalencia ao nivel académico de doutor/a conforme o Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.

c) De acordo co indicado no número 2.1.e), as persoas aspirantes deberán acreditar o coñecemento das dúas linguas oficiais na Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido na lexislación vixente. O coñecemento do español acreditarase mediante certificado de lingua española como lingua estranxeira de nivel B2 ou superior. As persoas que sexan nacionais de Estados que teñen o español como lingua oficial non terán que acreditar o seu coñecemento. A acreditación do coñecemento do idioma galego farase mediante o certificado de lingua galega Celga3 ou equivalente.

A falta de acreditación documental deste requisito non será causa de exclusión. De non acreditar o coñecemento das linguas oficiais da USC antes da sinatura do contrato, a persoa candidata proposta terá un prazo máximo de dous anos para facelo a través dos documentos citados no parágrafo anterior ou a través dunha proba específica.

Non presentar os documentos especificados nos números 4.1 a) e b) será causa de exclusión, que se deberá reparar no prazo establecido na base 5.2 desta convocatoria.

4.2. Acreditación de méritos e historial académico.

Os méritos deberán estar debidamente acreditados a través de copias dixitalizadas en formato pdf, relacionados individualmente e anexados na epígrafe correspondente da aplicación de concurso, segundo o indicado no anexo III.

A non relación e acreditación dos méritos alegados segundo o indicado non determinará a exclusión da persoa aspirante ao concurso, pero impedirá o cómputo e a valoración de tales méritos por parte da Comisión de Selección do concurso de que se trate.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



Serán obxecto de valoración exclusivamente os méritos relacionados polas persoas concursantes para cada epígrafe, sempre que se posúan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que dentro do dito prazo estean correctamente acreditados.

Naquelas epígrafes do baremo en que se establece un número máximo de ítems valorables, estes deberán alegar e documentar de xeito independente (agás no caso dos números 3.a) e 3.b) de Calidade docente, tal e como se indica no baremo). No caso de que un/unha aspirante inclúa na solicitude informática ou documento máis dun ítem nun mesmo ficheiro, a Comisión de Selección só valorará o primeiro deles e ignorará o resto. No caso de que o primeiro destes ítems non estea correctamente acreditado, a Comisión non valorará ningún dos ítems agrupados con el.

Non se admitirá ningunha documentación acreditativa de méritos unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, nin sequera no prazo de emenda da documentación a que se refire a base 5.2.

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades, teranse en conta as situacións de incapacidade temporal, xestación, embarazo, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollimento, lactación, e risco durante a xestación, o embarazo ou a lactación, violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller, así como por razóns de conciliación ou coidado de familiares ou persoas dependentes, de acordo coa normativa xeral de aplicación. Para estes efectos, a persoa aspirante deberá incorporar na epígrafe correspondente a documentación acreditativa destas situacións. O feito de non presentar a citada documentación acreditativa non será causa de exclusión, pero suporá que non se teña en conta a situación alegada.

Os períodos en que as persoas aspirantes permanezan nalgunha das situacións citadas teranse en conta para os efectos de compensar ese período na valoración dos méritos correspondentes á epígrafe 3 (Calidade docente) e á 4 (Experiencia investigadora) do baremo recollido no anexo II.

5. Admisión de aspirantes.

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, nun prazo máximo de dez días hábiles, o Vicerreitorado de Profesorado publicará no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) unha resolución que aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, coa indicación, de ser o caso, das causas de exclusión.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



5.2. Contra esta resolución, e nun prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro electrónico da USC, as persoas interesadas poderán presentar unha reclamación, ante o reitor, para emendaren os defectos que motivaron a exclusión ou omisión da dita listaxe. Se non o fan, serán excluídas definitivamente do proceso selectivo sen teren dereito á devolución das taxas aboadas.

5.3. Co fin de emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión da listaxe, a persoa aspirante deberá realizar este trámite de emenda a través da aplicación de concursos, formulando as alegacións pertinentes e incorporando, de ser o caso, e na epígrafe que corresponda, a documentación requirida.

5.4. Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, o Vicerreitorado de Profesorado aprobará e publicará, no prazo máximo de dez días hábiles, a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, no lugar indicado na base 5.1. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderanse interpor os recursos oportunos.

5.5. A inclusión na listaxe definitiva de admitidos/as non prexulga o cumprimento dos requisitos normativamente exixidos para a sinatura do correspondente contrato na categoría docente de que se trate. A posesión dos requisitos exixidos terá que acreditarse no seu momento.

6. Comisións de selección e desenvolvemento dos concursos.

6.1. Os concursos obxecto desta convocatoria serán resoltos polas comisións relacionadas no anexo I.2 e terán lugar, con carácter xeral, no centro que se sinala no anexo I.1. Se, por causas xustificadas, o concurso non pode ter lugar no centro previsto, a nova situación deberase publicar no taboleiro electrónico con, como mínimo, dous días de antelación con respecto á data prevista de realización daquelas probas que requiran a presenza dos candidatos.

Estas comisións rexeranse polo disposto no Regulamento de selección de profesorado da USC.

6.2. Os membros da Comisión deberanse abster de actuar e as persoas interesadas poderán recusalos, en calquera momento do procedemento, cando concorran neles algunha das situacións previstas no artigo 23 da LRXSP. De conformidade co artigo 8 do Regulamento de selección de profesorado da USC, os membros das comisións de selec-



ción deberán declarar os seus posibles conflitos de intereses e, no caso de que concorra neles algunha das circunstancias previstas no dito artigo, solicitar a renuncia a formar parte da Comisión. Unha vez resoltos os casos de renuncia, abstención ou recusación que se presentasen, as persoas afectadas serán substituídas polos seus respectivos suplentes. No suposto de que concorra algunha das circunstancias de impedimento antes mencionadas tamén no suplente, a súa substitución farase por orde correlativa de nomeamento entre os suplentes.

6.3. As comisións de selección constituiranse no prazo máximo de dous meses desde o día seguinte ao da data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e sempre despois da publicación das listas de admitidos.

No acto de constitución, e antes de acceder á documentación achegada polos aspirantes, a Comisión de Selección aprobará e publicará no taboleiro electrónico da USC os criterios de valoración dos méritos e a puntuación necesaria para superar cada unha das fases do concurso. A puntuación requirida non poderá ser superior a 30 puntos para superar a primeira fase, e a 10 puntos para superar a segunda.

6.4. O acto de constitución e a aprobación dos criterios de valoración poderá ser realizado de maneira presencial ou telemática.

7. Procedemento de selección.

7.1. Realización das probas.

Os concursos para a selección de prazas de profesorado axudante doutor constarán de dúas fases, ambas de carácter eliminatorio:

a) A primeira fase consistirá na valoración, por parte da Comisión, dos méritos e historial académico, docente, investigador e, de ser o caso, profesional ou sanitario-asistencial alegados polas persoas candidatas. A Comisión de Selección deberá anunciar o inicio dos seus traballos a través do taboleiro electrónico. A Comisión de Selección valorará o *curriculum vitae* das persoas aspirantes aplicando os criterios que determine e de acordo co baremo recollido no anexo do Regulamento, reproducido no anexo II desta convocatoria. Concluída a valoración do *curriculum vitae*, os resultados faranse públicos a través do taboleiro electrónico. A Comisión indicará a relación de aspirantes que pasan á segunda fase e publicará a convocatoria para a realización do exercicio correspondente, que non se poderá iniciar antes de transcorridos dous días desde a publicación da convocatoria, salvo



renuncia expresa a este prazo das persoas aspirantes. A publicación incluírá a data, a hora e o lugar de realización. Esta primeira fase poderase desenvolver de maneira presencial ou telemática.

b) A segunda fase será obrigatoria e consistirá na presentación oral por parte das persoas candidatas, durante un tempo máximo de vinte minutos, dun proxecto de actividades docentes, que deberá corresponder á materia indicada na convocatoria ou, de non se indicar ningunha, a unha materia obrigatoria ou de formación básica da especialidade de coñecemento a que se adscriba a praza, das cursadas para a obtención de títulos de carácter oficial de grao na USC. Con anterioridade ao inicio da proba, as persoas aspirantes deberán entregarlles aos membros da Comisión un resumo ou esquema do seu proxecto en formato dixital.

A Comisión debaterá coas persoas aspirantes sobre o contido da súa exposición por un tempo máximo de corenta e cinco minutos. A Comisión valorará esta presentación tendo en conta os contidos e o dominio da materia, a claridade expositiva e a capacidade de resposta do/da candidato/a ás cuestións que se lle formulen.

Para realizaren a presentación, as persoas aspirantes poderán utilizar un proxector de vídeo e un ordenador. De precisaren algún outro material de apoio ou ferramenta informática, deberán indicarllo con antelación suficiente á persoa que ocupe a Presidencia da Comisión.

Nesta segunda fase, os membros da Comisión de Selección poderán actuar a través de sistemas de videoconferencia. Non obstante, no lugar de realización das probas deberá estar presente, ademais dos candidatos, cando menos o presidente ou o secretario da Comisión.

Concluída a realización da segunda fase, os resultados faranse públicos a través do taboleiro electrónico.

c) A cualificación final do proceso será a suma das puntuacións correspondentes ás dúas fases do concurso. Os resultados finais faranse públicos a través do taboleiro electrónico da USC.

7.2. Orde de actuación.

A orde de actuación das persoas aspirantes nas probas orais seguirá a ordenación alfabética por apelido a partir da letra «M», de conformidade co establecido na Resolución do

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia (DOG do 26 de xaneiro).

8. Proposta de contratación.

8.1. No prazo máximo de cinco días desde o seguinte ao de finalización das probas correspondentes aos diferentes tipos de concurso, a Comisión elaborará unha proposta de contratación ou de provisión, que incluírá a relación de todas as persoas candidatas que sexan consideradas aptas para ocuparen a praza, ordenadas pola puntuación final acadada no proceso. No caso de que ningunha das persoas candidatas acade a puntuación mínima establecida nos criterios, a Comisión elaborará unha proposta de non provisión.

8.2. Contra a proposta de contratación as persoas interesadas poderán interpor reclamación, ante o Reitorado, nun prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación das ditas propostas. A admisión a trámite da reclamación non suspenderá a contratación das persoas candidatas propostas, salvo resolución motivada en sentido contrario. As reclamacións serán instruídas por unha comisión de revisión, que estará presidida pola persoa titular do Reitorado ou do Vicerreitorado en que delegue.

9. Resolucións reitorais de contratación, presentación de documentos e formalización dos contratos.

9.1. O Reitorado ditará resolución en que autorice, cando proceda, a contratación das persoas candidatas propostas pola Comisión de Selección. A resolución farase pública no taboleiro electrónico da Universidade e incluírá o código da praza adxudicada. Esta publicación substituírá a notificación persoal ás persoas interesadas e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no artigo 45.1 da LPACAP.

9.2. As persoas seleccionadas deberán asinar o contrato nun prazo máximo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro electrónico da USC da resolución pola cal se autorice a contratación. Con carácter excepcional, logo da solicitude motivada da persoa interesada e de acordo coas necesidades do servizo, este prazo poderá ser modificado polo Reitorado.

No caso de que a persoa aspirante se encontre en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales se poderá asinar o contrato durante esta situación.

9.3. Antes de procederen á sinatura, as persoas seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos para acceder a cada tipo de praza de acordo co establecido nesta convocatoria.

Estes documentos deberán presentarse:

- No Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, Colexio de San Xerome, Santiago de Compostela, se a praza se convocou para Santiago de Compostela.
- Na Vicexerencia, Edificio Biblioteca Intercentros, Lugo, se a praza se convocou para Lugo.

A acreditación dos requisitos exixidos na base 2.1.a) deberase axustar ao seguinte:

a) Para as persoas aspirantes nacionais de España e dos demais Estados membros da Unión Europea, doutros Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein, Noruega) ou da Confederación Suíza será suficiente coa copia compulsada (ou simple xunto co respectivo orixinal para o seu cotexo) do DNI ou do documento acreditativo da nacionalidade. As persoas aspirantes nacionais dos restantes Estados deberán acreditar, ademais, que teñen recoñecida a autorización de traballo.

b) As persoas aspirantes cónxuxes de nacional español, nacional doutro Estado membro da Unión Europea ou nacional doutros Estados, cando así se estableza nun Tratado internacional subscrito pola Unión Europea e ratificado por España, deberán presentar, ademais do indicado na alínea a), os documentos acreditativos do vínculo matrimonial e unha declaración xurada do seu cónxuxe de non estar separado/a de dereito del ou dela.

c) Os documentos que así o precisen deberán presentarse traducidos para algunha das linguas oficiais da USC.

A acreditación do requisito exixido na base 2.1.d) farase mediante a presentación de certificado médico oficial ou informe de saúde emitido polo Servizo Galego de Saúde. Tamén se poderá presentar, de ser o caso, informe emitido polo órgano equivalente en materia de saúde doutras comunidades autónomas do Estado.

CVE-DOG: sb0lozq5-tq2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



As persoas aspirantes a prazas de profesorado axudante doutor deberán presentar tamén declaración responsable dos períodos en que, de ser o caso, ocuparon postos de axudante doutor en calquera universidade.

Os candidatos propostos para a sinatura dos contratos só deberán presentar aqueles documentos que non consten no seu expediente persoal na USC.

Excepto supostos de forza maior, quen non presente a documentación referida ou cando do seu exame se deduza que carece dos requisitos requiridos decaerá no seu dereito a desempeñar o posto para o cal foi seleccionado/a, e a Universidade procederá a formalizar a contratación coa persoa proposta na seguinte posición entre os candidatos que superaron o concurso.

9.4. Con carácter xeral, os contratos que deriven desta convocatoria producirán efectos desde a data en que se asinen, excepto que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos. Tan só unha vez formalizada a relación xurídica terá lugar o inicio da prestación de servizos e, polo tanto, a devindicación das retribucións asignadas á praza obtida.

9.5. Cando nunha mesma data se autorice a contratación dunha persoa candidata para ocupar máis dunha praza, a sinatura dun dos contratos suporá a renuncia ao dereito a ser contratada nas outras prazas para as cales fose proposta. A sinatura do contrato suporá tamén a renuncia á praza que, de ser o caso, se estivese ocupando con anterioridade, salvo que ambos os postos resulten compatibles.

9.6. Serán de aplicación ao persoal contratado en virtude desta convocatoria as normas contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e as súas normas de desenvolvemento.

En caso de que o/a candidato/a desempeñe un posto noutra Administración pública susceptible de ser compatibilizado, deberá solicitar a compatibilidade na Administración en que desenvolva a súa actividade principal.

En caso de que o/a candidato/a desempeñe un posto no ámbito privado susceptible de ser compatibilizado, deberá solicitar a compatibilidade nesta universidade.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



10. Características dos contratos.

10.1. Retribucións.

Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan para o profesorado axudante doutor no artigo 32 do II Convenio colectivo para o PDI laboral.

10.2. Duración dos contratos.

Estes contratos terán efectos a partir da data de sinatura de cada un deles, ou da que se determine na resolución de autorización da contratación se é posterior, e a súa duración será a que corresponda pola súa categoría.

O contrato do profesorado axudante doutor terá unha duración máxima de seis anos, coas excepcións establecidas na normativa vixente.

10.3. Formación obrigatoria.

Consonte o disposto na alínea b) do artigo 78 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, no seu primeiro ano de contrato a persoa seleccionada deberá facer o curso de formación docente inicial organizado pola unidade responsable da formación e innovación docente do profesorado.

11. Notificacións.

De conformidade co artigo 45.1.b) da LPACAP, as notificacións dos actos derivados desta convocatoria que requiran publicación realizaranse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>). As notificacións electrónicas de carácter persoal realizaranse por comparecencia en sede electrónica. Se a persoa aspirante desexa recibir avisos das notificacións que a USC poña ao seu dispor, é imprescindible que indique na epígrafe de «Medios de aviso de notificación» do formulario o teléfono e o enderezo electrónico.

Os correos electrónicos que se lles envían aos candidatos desde a Comisión de Selección ou desde o sistema informático teñen carácter meramente informativo.

12. Protección de datos.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>



Norma derradeira.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2026

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela
P.D. (Resolución do 21.4.2022; DOG do 26 de abril)
Ernesto González Seoane
Vicerreitor de Profesorado

ANEXO I.1
Relación de prazas

Profesorado axudante doutor.

Nº de concurso: 57FS/25-26.

Nº de prazas: 1 (FS0052).

Área de coñecemento propia: Economía Cuantitativa.

Área de coñecemento nacional: Economía Aplicada.

Departamento: Economía Cuantitativa.

Perfil: materias da área.

Centro: Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

Localidade: Lugo.

Nº de concurso: 58FS/25-26.

Nº de prazas: 1 (FS0150).

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade.

Departamento: Economía Financeira e Contabilidade.

Perfil: Introducción ás finanzas (G3202225).

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



Xestión financeira da empresa (G3201328).

Contabilidade de xestión (G3201332).

Centro: Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

Localidade: Lugo.

Nº de concurso: 59FS/25-26.

Nº de prazas: 2 (FS0133, FS0143)*.

Área de coñecemento: Organización de Empresas.

Departamento: Organización de Empresas e Comercialización.

Perfil: materias da área.

Centro: Facultade de Administración e Dirección de Empresas-Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Localidade: Lugo-Santiago de Compostela.

Nº de concurso: 60FS/25-26.

Nº de prazas: 1 (FS0127).

Área de coñecemento: Estatística e Investigación Operativa.

Departamento: Estatística, Análise Matemática e Optimización.

Perfil: materias da área.

Centro: Facultade de Enfermaría.

Localidade: Santiago de Compostela.

(*) Reserva dunha praza en aplicación do número 1.3 da convocatoria.

ANEXO I.2

Comisións de selección

Nº de concurso: 57FS/25-26.

Corpo: profesorado axudante doutor.

Área de coñecemento: Economía Cuantitativa.

Comisión titular

Presidenta	Guntín Araújo, Xulia	Profesora titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretario	Del Oro Sáez, Carlos Pío	Profesor titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Domínguez Rojas, Jesús	Profesor contrado doutor	Univ. Autónoma de Madrid
2ª vogal	García-Carro Peña, Mª Beatriz	Profesora titular de universidade	Universidade da Coruña
3º vogal	Hinojosa Ramos, Miguel Ángel	Catedrático de universidade	Univ. Pablo de Olavide

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



Comisión suplente

Presidenta	López Andión, Carmen	Profesora titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretario	Miranda Torrado, Fernando Manuel	Profesor titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Ramajo Hernández, Julián	Catedrático de universidade	Univ. de Extremadura
2º vogal	Seijas Macías, José Antonio	Profesor titular de universidade	Universidade da Coruña
3ª vogal	Blanco Louro, Amalia	Profesora titular de universidade	Universidade da Coruña

Nº de concurso: 58FS/25-26.

Corpo: profesorado axudante doutor.

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade.

Comisión titular

Presidente	Piñeiro Chousa, Juan Ramón	Catedrático de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Portela Maseda, Marta	Profesora titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Somohano Rodríguez, Francisco Manuel	Profesor titular de universidade	Universidade de Cantabria
2ª vogal	Gallego Rodríguez, Elena	Profesora titular de universidade	Universidade de Vigo
3º vogal	Parra Domínguez, Javier	Profesor permanente laboral	Universidade de Salamanca

Comisión suplente

Presidente	Feas Vázquez, Jacobo	Profesor contratado doutor	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Miramontes Viña, Vanessa	Profesora axudante doutora LOSU	Univ. de Santiago de Compostela
1ª vogal	Vélez Elorza, María Fernanda	Profesora permanente laboral	Universidade de Sevilla
2º vogal	Frías Aceituno, José Valeriano	Profesor titular de universidade	Universidade de Granada
3ª vogal	Mareque Álvarez, Mercedes	Profesora titular de universidade	Universidade de Vigo

Nº de concurso: 59FS/25-26.

Corpo: profesorado axudante doutor.

Área de coñecemento: Organización de Empresas

Comisión titular

Presidente	Carballo Penela, Adolfo	Catedrático de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Vila Vázquez, Guadalupe	Profesora contratada doutora	Univ. de Santiago de Compostela
1ª vogal	Fernández Arias, María Jesús	Profesora contratada doutora	Universidade de Vigo
2º vogal	Guillén Solórzano, Eduardo	Profesor permanente laboral	Universidade da Coruña
3ª vogal	Sinde Cantorna, Ana Isabel	Profesora contratada doutora	Universidade de Vigo



Comisión suplente

Presidente	Curto Rodríguez, Eduardo	Profesor contratado doutor	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Barreiro Fernández, María Begoña	Profesora titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Martínez Carballo, Manuel	Profesor permanente laboral	Universidade da Coruña
2º vogal	Comesaña Benavides, Fernando	Profesor contratado doutor	Universidade de Vigo
3ª vogal	Diz Comesaña, María Eva	Profesora contratada doctora	Universidade de Vigo

Nº de concurso: 60FS/25-26.

Corpo: profesorado axudante doutor.

Área de coñecemento: Estatística e Investigación Operativa.

Comisión titular

Presidente	Sánchez Sellero, César Andrés	Profesor titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Saavedra Nieves, Paula	Profesora titular de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Tarrío Saavedra, Javier	Profesor titular de universidade	Universidade da Coruña
2º vogal	Mosquera Rodríguez, Manuel Alfredo	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo
3ª vogal	Gómez Rúa, María	Profesora titular de universidade	Universidade de Vigo

Comisión suplente

Presidenta	Alonso Meijide, José María	Catedrática de universidade	Univ. de Santiago de Compostela
Secretaria	Alonso Pena, María	Profesora axudante doutor/a	Univ. de Santiago de Compostela
1º vogal	Francisco Fernández, Mario	Catedrático de universidade	Universidade da Coruña
2ª vogal	Fiestras Janeiro, María Gloria	Catedrática de universidade	Universidade de Vigo
3ª vogal	Lorenzo Picado, Leticia	Profesora titular de universidade	Universidade de Vigo

ANEXO II

Baremo para as prazas de profesorado axudante doutor

Para as diferentes epígrafes e subepígrafes do baremo establécese unha valoración máxima. No suposto de que algún/algunha aspirante supere esa valoración, normalizarase a puntuación obtida por todos os aspirantes na epígrafe ou subepígrafe de que se trate.

1. Rendemento académico. A valoración máxima será de 20 puntos.

1.1. Expediente académico de grao e máster oficial, ou ben de licenciatura, enxeñaría e arquitectura ou equivalente. A valoración máxima será de 10 puntos. A valoración dos expe-

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



dientes realizárase de acordo co establecido no Protocolo de colaboración sobre valoración de expedientes académicos, subscrito o 27 de xuño de 2011 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG do 30 de setembro). Nesta epígrafe só será valorada unha única titulación de grao e máster, ou ben de licenciatura. No caso de que o acceso ao doutoramento se produza a partir dunha titulación de diplomatura ou de enxeñaría ou arquitectura técnica máis un máster oficial, valoráranse os expedientes correspondentes. En calquera destes casos, a nota media desagregarase para cada título de xeito proporcional ao seu número de créditos e tendo en conta que a suma total en ningún caso poderá superar a valoración máxima de 10 puntos. No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicárase por 1, por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade.

1.2. Doutoramento. A valoración máxima será de 8 puntos e realizarase de acordo coas seguintes táboas de equivalencias: sobresaliente *cum laude* (8 puntos), sobresaliente (6 puntos), notable (4 puntos), aprobado (2 puntos). No caso de que o sistema de cualificación conste unicamente de dous graos, a valoración será a seguinte: apto cum laude (8 puntos), apto (6 puntos). Se o sistema de cualificación consta dun único grao (apto), a valoración será de 6 puntos. No caso de titulacións que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicárase por 1, por 0,6 ou por 0,3 en función do grao de afinidade.

1.3. Premios extraordinarios de grao, máster, licenciatura ou doutoramento, mencións de doutoramento internacional e outras mencións de calidade correspondentes aos títulos alegados en 1.1 e 1.2. A valoración máxima será de 2 puntos.

2. Postos desempeñados no ámbito da universidade ou de organismos públicos de investigación. A valoración máxima será de 30 puntos. Valoráranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

2.1. Postos docentes universitarios. A valoración máxima será de 20 puntos. Valoráranse unicamente os períodos de contratación nalgunha categoría de profesorado universitario con docencia en titulacións oficiais. Para a valoración da docencia impartida en universidades estranxeiras, as figuras propias deses sistemas asimiláranse ás existentes no Sistema universitario español, sempre que sexa posible acreditar a equivalencia do encargo docente.



2.1.1. Postos de profesor/a a tempo completo na especialidade de coñecemento: 2 puntos por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.2. Postos de profesor/a a tempo completo nunha especialidade de coñecemento afín: 1 punto por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.3. Postos de profesor/a a tempo parcial na especialidade de coñecemento, con dedicación P6 ou equivalente: 1,5 puntos por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.4. Postos de profesor/a a tempo parcial nunha especialidade de coñecemento afín, con dedicación P6 ou equivalente: 0,75 puntos por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.5. Postos de profesor/a a tempo parcial na especialidade de coñecemento, con dedicación P3, PACS ou equivalente: 0,75 puntos por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.1.6. Postos de profesor/a a tempo parcial nunha especialidade de coñecemento afín, con dedicación P3, PACS ou equivalente: 0,35 puntos por ano. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda.

2.2. Bolsas e contratos de investigación posdoutorais. Valoraranse unicamente as bolsas e os contratos obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional: 2 puntos por ano, ata un máximo de 10 puntos. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou contratos que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5.

2.3. Bolsas e contratos de investigación predoutorais. Valoraranse unicamente as bolsas e os contratos obtidos no marco de programas competitivos de recursos humanos, en programas propios das universidades e programas de ámbito autonómico, estatal ou internacional: 1,5 puntos por ano, ata un máximo de 6 puntos. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de bolsas ou



contratos que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5.

2.4. Contratos de investigador/a pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación: 0,75 puntos por ano, ata un máximo de 5 puntos. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de contratos que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5.

2.5. Colaboración na actividade docente universitaria. Nesta epígrafe valorarase unicamente a actividade como colaborador/a docente ou titor/a clínico/a en titulacións oficiais ao abeiro da disposición adicional primeira dos estatutos da USC ou figura equivalente noutras universidades públicas, a actividade como titor/a ou colaborador/a profesional externo/a en prácticas de titulacións oficiais realizadas en institucións públicas ou privadas, e a actividade de titorización de estudantes en titulacións oficiais impartidas por universidades a distancia e en liña: ata 1,5 puntos por ano, cun máximo de 5 puntos. Para períodos inferiores a un ano, asignarase a puntuación proporcional que corresponda. No caso de actividades que, segundo o criterio razoado da Comisión, correspondan a especialidades de coñecemento afíns a aquela para a cal se convoca a praza, a puntuación asignada multiplicarase por 0,5.

3. Calidade docente. Valoraranse unicamente cinco méritos, seleccionados polo/a candidato/a, correspondentes aos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes. Cada un dos méritos alegados poderá ser valorado cun máximo de 1 punto, polo que a valoración máxima da epígrafe será de 5 puntos. Dentro desta epígrafe valoraranse actividades como as seguintes:

Participación en actividades de formación docente:

a) Participación, en calidade de docente, en actividades de formación docente. Por este concepto, poderase acadar a puntuación máxima de 1 punto pola impartición de cursos cunha duración conxunta de 50 ou máis horas. A impartición de cursos cunha duración conxunta inferior a 50 horas valorarase proporcionalmente.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



b) Participación, en calidade de asistente, en actividades de formación docente. Por este concepto, poderase acadar a puntuación máxima de 1 punto pola asistencia a cursos de formación cunha duración conxunta de 100 ou máis horas. A asistencia a cursos cunha duración conxunta inferior a 100 horas valorarase proporcionalmente.

c) Elaboración de materiais docentes, que se valorarán cun máximo de 1 punto por ítem.

d) Realización de estadías de formación docente, que se valorarán a razón de 0,25 puntos por mes.

e) Participación en actividades de innovación docente, que se valorarán cun máximo de 1 punto por ítem.

Outros méritos relacionados coa calidade docente:

f) Premios e recoñecementos da calidade da docencia impartida, que se valorarán cun máximo de 1 punto por ítem.

4. Experiencia investigadora. A valoración máxima será de 35 puntos. Valoraranse unicamente méritos acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes, salvo no caso das publicacións científicas, en que se aplicará o disposto no punto 4.1.

4.1. Publicacións científicas. A valoración máxima será de 20 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de quince publicacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 2 puntos. Entre as contribucións achegadas, as persoas candidatas poderán incluír, como máximo, cinco publicadas cunha antigüidade de máis de dez anos con respecto á convocatoria; o resto deberá corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria. En calquera caso, será posible que todas as contribucións achegadas correspondan aos dez anos anteriores á convocatoria. A puntuación deberase asignar tendo en conta a calidade da publicación, a calidade da revista ou da editorial en que está publicada (para o cal se empregarán prioritariamente os indicadores de calidade aceptados internacionalmente), o número de autores, a contribución da persoa aspirante e o grao de afinidade con respecto á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso.

4.2. Participación en congresos e reunións científicas. A valoración máxima será de 4 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,8 puntos. A puntuación deberase



asignar tendo en conta a relevancia do congreso, o ámbito (local, nacional, internacional), o tipo de participación (relatorio convidado, comunicación libre ou outras), o número de autores, a contribución da persoa aspirante e o grao de afinidade con respecto á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso.

4.3. Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional. A valoración máxima será de 3 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 1 punto. A puntuación deberase asignar tendo en conta o ámbito do proxecto (autonómico, estatal, internacional), o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), a duración e o grao de afinidade con respecto á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso.

4.4. Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións. A valoración máxima será de 1,5 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres participacións, cada unha das cales poderá ser valorada cun máximo de 0,5 puntos. A puntuación deberase asignar tendo en conta a relevancia da actividade, o tipo de participación (investigador/a principal, membro do equipo de investigación, membro do equipo de traballo), a duración e o grao de afinidade con respecto á especialidade de coñecemento da praza obxecto do concurso.

4.5. Estadías de investigación. A valoración máxima será de 5 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de tres estadías, que serán valoradas en función da súa duración, a razón de 0,25 puntos por mes. Os períodos inferiores a un mes valoraranse de xeito proporcional.

4.6. Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia, incluído, nas especialidades de coñecemento en que proceda, o comisariado ou organización de exposicións e a elaboración de informes técnicos. A valoración máxima será de 3 puntos. As persoas candidatas poderán achegar un máximo de cinco ítems, que serán valorados en función da súa relevancia cun máximo de 0,6 puntos cada un.

5. Experiencia profesional: ata 0,5 puntos por ano ata un máximo de 5 puntos. Valoraranse unicamente méritos relacionados coa especialidade de coñecemento obxecto do concurso, correspondentes a actividades profesionais, docentes ou asistenciais desenvolvidas fóra do ámbito da universidade e acreditados nos dez anos anteriores á convocatoria



do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

6. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores. A valoración máxima será de 5 puntos. As persoas candidatas poderán elixir un máximo de sete ítems, correspondentes a un ou varios dos seguintes ámbitos:

a) Coñecemento de linguas estranxeiras. Por este concepto, valorarase o coñecemento de cada lingua de acordo coas seguintes puntuacións: nivel C2 do MCER, 1 punto; nivel C1 do MCER, 0,8 puntos; nivel B2 do MCER, 0,6 puntos; nivel B1 do MCER, 0,4 puntos. Non serán valorables niveis inferiores aos mencionados.

b) Outras titulacións universitarias oficiais, que se valorarán a razón de 1 punto pola posesión dun título oficial de grao ou licenciatura e 0,5 puntos pola posesión dun título oficial de máster ou diplomatura. Non serán valorables aqueles títulos que coincidan substancialmente cos achegados na epígrafe 1.1.

c) Outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura, que será valorado con 0,5 puntos; másteres propios, que serán valorados con 0,5 puntos; cursos de especialización, que serán valorados con 0,25 puntos, ou outros.

d) Experiencia en xestión universitaria. Será valorable exclusivamente o exercicio de cargos unipersoais recollidos no catálogo aprobado polo Consello de Goberno da USC ou os equivalentes doutras universidades. A experiencia en xestión universitaria valorarase con 0,25 puntos por cada ano de exercicio dun cargo unipersoal dos mencionados.

e) Outras actividades docentes, como docencia en títulos propios, dirección ou codirección de traballos académicos e proxectos de fin de carreira, etc. A dirección de traballos académicos poderá acadar unha valoración máxima de 1 punto, que se poderá obter pola dirección dunha tese de doutoramento presentada, ou pola dirección de dez traballos de fin de grao e máster ou de dez proxectos de fin de carreira.

f) Outras actividades de investigación, como organización de congresos, dirección de publicacións científicas, acreditación I3/R3 e similares, etc. Valorarase con 1 punto a participación como organizador principal dun congreso internacional, a dirección dunha publicación científica indexada ou a posesión da acreditación I3/R3. A participación como membro do Comité organizador dun congreso internacional ou dun Consello de redacción ou editorial dunha revista indexada valorarase con 0,5 puntos. No caso de congresos de



ámbito nacional ou de revistas non indexadas, as puntuacións mencionadas reduciranse á metade.

g) Outras actividades de divulgación, como publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados, impartición de conferencias e seminarios de divulgación científica, organización de xornadas de divulgación científica, etc. Cada un dos ítems alegados poderá ser valorado con ata 0,5 puntos.

h) Título de especialista relacionado coa especialidade de coñecemento obxecto do concurso (só no caso de especialidades de coñecemento con disciplinas de contido clínico), que será valorado con 1 punto.

7. Acreditación para categorías de profesorado e corpos docentes universitarios (mérito preferente).

Co fin de dar cumprimento ao previsto na disposición transitoria terceira da LOSU, as persoas aspirantes que dispoñan dunha acreditación para algunha figura de profesorado universitario recibirán por este concepto unha puntuación adicional, que equivalerá a unha porcentaxe da puntuación obtida na primeira fase do concurso. A porcentaxe aplicada dependerá da categoría de profesorado para a cal estean acreditadas, de acordo coa seguinte táboa:

a) Profesorado axudante doutor: 15 %.

b) Profesorado permanente laboral, contratado doutor e corpos docentes: 20 %.

8. Proxecto de actividades docentes. A valoración máxima será de 20 puntos.

ANEXO III

Procedemento de acreditación para a valoración dos méritos e do historial académico das persoas aspirantes

Con carácter xeral, a documentación acreditativa dos méritos deberá reunir os requisitos establecidos neste anexo e incorporarse á epígrafe correspondente da aplicación de concursos por medio de copia dixitalizada en formato pdf.

Correspóndelle á Comisión de Selección determinar se a documentación achegada polas persoas candidatas cumpre co establecido neste anexo, de xeito que permita acreditar de maneira fidedigna o mérito alegado e conteña a información necesaria para a súa



correcta valoración. No caso de que a documentación presentada non sexa a idónea ou non conteña a información necesaria, o mérito alegado non será valorado por parte da Comisión de Selección.

Serán obxecto de valoración exclusivamente os méritos relacionados polas persoas concursantes para cada epígrafe, sempre que se posúan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que dentro do dito prazo estean correctamente acreditados.

Cada mérito será obxecto de valoración nunha única epígrafe e non poderá ser valorado noutras epígrafes distintas da seleccionada pola persoa candidata no momento de formalizar a súa solicitude.

Naqueles epígrafes do baremo en que se establece un número máximo de ítems valorables, estes deberanse alegar e documentar de xeito independente (agás no caso dos números 3.a) e 3.b) de Calidade cocente, tal e como se indica no baremo). No caso de que un/unha aspirante inclúa na solicitude informática ou documento máis dun ítem nun mesmo ficheiro, a Comisión de Selección só valorará o primeiro deles e ignorará o resto. No caso de que o primeiro destes ítems non estea correctamente acreditado, a Comisión non valorará ningún dos ítems agrupados con el.

1. Rendemento académico.

Consonte o artigo 28 da LPACAP, enténdese outorgado o consentimento á USC (agás oposición expresa manifestada na solicitude de participación, caso en que será necesario achegar as correspondentes acreditacións) para a obtención de datos correspondentes ás titulacións oficiais cursadas na USC, sen prexuízo da obrigatoriedade de incluír estas titulacións na relación de méritos. No caso de titulacións obtidas nesta universidade con anterioridade a 2003, recoméndase a presentación das certificacións académicas.

1.1. Expediente académico de grao e máster oficial ou ben de licenciatura, enxeñaría e arquitectura ou equivalente.

A acreditación do expediente académico debe axustarse ao indicado a seguir. De non se acreditaren os expedientes correspondentes ás titulacións alegadas de conformidade coa documentación que se indica, puntuaranse como «aprobado».

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



Valorarase tamén como «aprobado» se o certificado do expediente académico de grao, licenciatura ou máster non inclúe a nota media dos estudos calculada en base 10.

a) Titulacións cursadas consonte plans de estudo do Sistema universitario español:

– Certificación académica dos estudos universitarios oficiais realizados, en que consten as titulacións cursadas e as cualificacións recibidas en cada unha das materias.

Nesta epígrafe só se valorará unha única titulación de grao e de máster, ou ben de licenciatura.

Nos casos particulares en que o acceso á licenciatura, arquitectura ou enxeñaría se produza a partir dunha titulación de diplomatura ou de enxeñaría ou arquitectura técnica, deberase achegar, ademais, a correspondente certificación académica destoutros estudos cos mesmos requisitos indicados anteriormente.

Igualmente, para o caso de que o acceso ao doutoramento se produza a partir dunha titulación de diplomatura ou de enxeñaría ou arquitectura técnica máis un máster oficial, deberanse achegar as certificacións académicas correspondentes a eses estudos.

Os estudos oficiais de máster deberán acreditarse a través dunha copia en pdf da correspondente certificación académica oficial de estudos.

b) Titulacións cursadas consonte plans de estudo de universidades ou organismos estranxeiros:

– Certificación académica oficial da totalidade dos estudos universitarios que deron acceso aos estudos oficiais de doutoramento e na cal consten as titulacións cursadas e as cualificacións recibidas en cada unha das materias.

Os documentos acreditativos destes méritos deberanse presentar traducidos de forma oficial para calquera das linguas citadas no primeiro parágrafo da base 4 da convocatoria.

– Declaración de equivalencia da nota media dos expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, de acordo cos modelos e procedementos establecidos polo Ministerio de Universidades.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



1.2. Doutoramento.

As persoas aspirantes deberán incorporar, segundo o caso e na correspondente epígrafe da aplicación de concursos, a seguinte documentación acreditativa en formato pdf:

a) Títulos correspondentes a plans de estudo de universidades do Sistema universitario español.

– Copia do título universitario oficial de doutor/a ou copia da declaración de equivalencia ao nivel académico de doutor conforme a disposición adicional segunda do Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.

– Certificación en que consten o título da tese, o departamento ou programa de doutoramento en que foi realizada e a cualificación obtida. Para acreditar estes datos poderase utilizar tamén a ficha correspondente da base de datos de teses de doutoramento (TESEO) do Ministerio de Educación (<https://www.educacion.gob.es/teseo/irgestionarconsulta.do>).

b) Títulos expedidos conforme plans de estudo de universidades ou organismos estranxeiros.

– Copia do título universitario estranxeiro expedido pola autoridade competente.

– Copia do suplemento europeo ao título (SET) no caso de tratarse de títulos expedidos no Espazo Europeo de Educación Superior. No caso de non dispor deste documento, deberase acreditar que o nivel do título de doutor/a se corresponde co nivel requirido no Sistema universitario español.

– Certificación ou documento equivalente en que consten o título da tese, o centro, departamento ou programa de doutoramento en que foi realizada e a cualificación obtida.

1.3. Premios extraordinarios de grao, máster, licenciatura ou doutoramento, mencións de doutoramento internacional e outras mencións de calidade correspondentes aos títulos alegados

Os premios e mencións deberán acreditarse mediante a certificación pertinente.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



2. Postos desempeñados no ámbito da universidade ou de organismos públicos de investigación.

Conforme o artigo 28 da LPACAP, enténdese outorgado o consentimento á USC (agás oposición expresa manifestada na solicitude de participación, caso en que será necesario achegar as correspondentes acreditacións) para a obtención de datos correspondentes das actividades desta epígrafe desenvolvidas na USC, sen prexuízo da obrigatoriedade de incluír estas actividades na relación de méritos.

No caso dos méritos correspondentes á subepígrafe 2.5, non terán que acreditarlos documentalmentemente as persoas aspirantes que realizen colaboracións ou titorías clínicas na USC ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira, número 1, dos estatutos da USC e teñan o recoñecemento da actividade desenvolvida a través do nomeamento oficial correspondente.

Cada posto desempeñado deberase relacionar nun ítem da aplicación de concursos de xeito que entre a data de inicio e de finalización desa actividade non existan interrupcións. No caso de incorporar máis dunha actividade dentro do mesmo ítem, valorarase unicamente unha delas.

2.1. Postos docentes universitarios.

Nesta epígrafe valoraranse unicamente os postos correspondentes a algunha categoría de profesorado universitario, xa sexa funcionario ou laboral, con docencia en titulacións oficiais.

A acreditación desta actividade realizarase mediante unha certificación da Secretaría Xeral da Universidade ou da autoridade ou órgano superior equivalente do organismo público de investigación, en que conste a seguinte información:

a) Categoría docente/profesional de cada un dos postos ocupados e, de ser o caso, equivalencia ás figuras de profesorado universitario recollidas na Lei orgánica do sistema universitario.

b) Data de inicio e de finalización do prazo de prestación do servizo en cada un dos postos ocupados.

c) Réxime de dedicación en cada un dos postos ocupados. Para o caso dos servizos docentes cuxa dedicación sexa distinta das recollidas no Real decreto 898/1985, do 30 de



abril, sobre réxime do profesorado universitario, deberanse acreditar as horas de docencia equivalentes.

d) Materias impartidas, área de coñecemento, titulacións oficiais en que se inscriben, horas docentes impartidas en cada unha delas e curso académico.

Non obstante, a citada certificación da Secretaría Xeral poderá ser substituída, para o caso do persoal que conte con vinculación laboral, pola seguinte documentación:

– Copia dos contratos laborais legalizados e dos documentos xustificativos do período de permanencia en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social (vida laboral). Nesta documentación deberán constar os datos sinalados no punto anterior (data de inicio e fin, réxime de dedicación, etc.).

– Certificación das materias impartidas, área de coñecemento e titulacións oficiais a que pertencen, horas docentes impartidas en cada unha delas e curso académico.

2.2. Bolsas e contratos de investigación posdoutorais.

As bolsas e os contratos posdoutorais acreditaranse mediante unha copia do contrato ou do documento de concesión por parte do organismo financiador e unha certificación, emitida polo centro ou institución receptora, en que consten as datas do seu inicio e finalización e a área de coñecemento a que se adscribe a bolsa ou contrato.

Poderase acreditar este mérito nun único documento, emitido pola universidade ou entidade receptora, en que se certifiquen o tipo de bolsa/contrato, a súa duración efectiva e a área de coñecemento a que se adscribe.

2.3. Bolsas e contratos de investigación predoutorais.

As bolsas e os contratos predoutorais acreditaranse mediante unha copia do contrato ou do documento de concesión por parte do organismo financiador e unha certificación emitida polo centro ou institución receptora, en que consten as datas do seu inicio e finalización e a área de coñecemento a que se adscribe a bolsa ou contrato.

Poderase acreditar este mérito nun único documento, emitido pola universidade ou entidade receptora, en que se certifiquen o tipo de bolsa/contrato, a súa duración efectiva e a área de coñecemento a que se adscribe.



2.4. Contratos de investigador pre e posdoutoral con cargo a proxectos, contratos e convenios de investigación.

Os contratos pre ou podoutorais con cargo a proxectos, contratos e convenios deberán acreditarse mediante unha copia do/dos contrato/s e unha certificación emitida pola institución en que realizou a actividade, na cal consten:

- Data de inicio e de finalización do contrato.
- Denominación ou obxecto do proxecto, contrato ou convenio en cuxo marco se realizou a contratación.
- Xornada laboral realizada.
- Categoría laboral para a cal foi contratado/a.
- Funcións realizadas en cada contrato.
- Centro de traballo en que se realizou a actividade.
- Investigador/a principal da actividade.

Poderase acreditar este mérito nun único documento, emitido pola entidade receptora en que se certifiquen os datos sinalados.

2.5. Colaboración na actividade docente universitaria

Acreditarase mediante unha certificación, expedida pola universidade, en que consten, de ser o caso:

- Tipo de colaboración realizada (colaborador/a docente, titor/a clínico/a, titor/a ou colaborador/a profesional externo/a en prácticas de titulacións oficiais, titorización de estudantes en titulacións oficiais impartidas por universidades a distancia e en liña).
- Datas de inicio e de finalización de cada actividade e curso académico en que se encastra.
- Contido da actividade realizada.



– Nome da empresa ou institución en que presta servizos o/a colaborador/a e categoría profesional que ocupa.

3. Calidade docente.

a) Participación, en calidade de docente, en actividades de formación docente.

Documentación acreditativa, expedida polo órgano competente da universidade ou entidade organizadora, en que consten a actividade realizada e a súa duración en horas. No caso de alegarse máis dunha actividade, a documentación acreditativa deberá achegarse nun único documento pdf.

b) Participación, en calidade de asistente, en actividades de formación docente.

Documentación acreditativa, expedida polo órgano competente da universidade ou entidade organizadora, en que consten a actividade realizada e a súa duración en horas. No caso de alegarse máis dunha actividade, a documentación acreditativa deberá achegarse nun único documento pdf.

c) Elaboración de materiais docentes.

No caso de publicacións accesibles a través de repositorios, indicarse a través da aplicación de concursos a ligazón á páxina correspondente.

No caso de publicacións impresas, achegarase un pdf co texto íntegro ou, en todo caso, coa primeira e a última páxina do traballo. Se non figura na primeira páxina a información relativa ao título e número da revista ou ao título do volume, engadiranse copias das páxinas do índice ou da portada en que figuren o ISSN ou o ISBN, segundo corresponda.

No caso de material en soporte electrónico, indicarse a través da aplicación de concursos a ligazón á páxina correspondente ou achegarase un pdf co índice e os créditos.

d) Estadías de formación docente.

Documentación en que o centro receptor constate a realización da estadía, as súas datas de inicio e finalización e a actividade desenvolvida.

Se é o caso, documento de concesión da axuda para a realización da estadía, expedido pola entidade financiadora.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



e) Participación en actividades de innovación docente.

Documentación acreditativa, expedida polo órgano competente da universidade, en que consten a actividade realizada e a súa duración.

f) Premios e recoñecementos da calidade da docencia impartida.

Documentación acreditativa, expedida polo órgano competente da entidade que concedeu o premio ou o recoñecemento.

4. Experiencia investigadora.

4.1. Publicacións científicas.

No caso de publicacións accesibles a través de repositorios, indicárase a través da aplicación de concursos a ligazón á páxina correspondente.

No caso de artigos e capítulos de libros, achegarase un pdf co texto íntegro ou, en todo caso, coa copia da primeira e da última páxina. Se non figura na primeira páxina a información relativa ao título e número da revista ou ao título do volume, engadiranse copias das páxinas do índice ou da portada en que figuren o ISSN ou o ISBN, segundo corresponda.

No caso de libros, pdf co texto íntegro ou, en todo caso, copia da portada e das páxinas en que figuren os créditos do libro (autor ou editor, editorial, ISBN, data de publicación...) e o índice.

No caso de traballos aceptados para publicación ou en prensa, ademais do exixido para os artigos e capítulos de libros, achegarase unha carta asinada polo editor da revista ou polo responsable da editorial, en que se fagan constar a aceptación e o estado da publicación. Non se aceptarán correos electrónicos.

4.2. Participación en congresos e reunións científicas.

No caso de traballos publicados, indicárase a través da aplicación de concursos a ligazón a un repositorio dixital en que se encontre o texto, ou ben achegarase un pdf co texto íntegro ou, en todo caso, coa portada, índice e créditos da editorial e primeira e última páxinas da contribución.



No caso de traballos non publicados, documento que acredite a denominación do congreso ou reunión científica, a súa data e lugar de realización, así como o tipo de participación e o pdf coa copia do resumo ou da presentación.

4.3. Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en proxectos de investigación competitivos.

Copia do documento oficial de concesión do proxecto, así como das páxinas que acrediten a participación da persoa interesada, e que ademais indiquen o tipo de participación, a duración do proxecto e a subvención total concedida, ou ben certificado da universidade ou do centro de investigación onde figuren estes datos.

4.4. Participación como investigador/a principal ou como investigador/a en convenios e contratos non competitivos con empresas ou institucións.

Certificado da universidade ou do centro de investigación, en que se indiquen a actividade obxecto do convenio ou do contrato e a súa duración e importe, e en que se acredite a participación da persoa interesada.

4.5. Estadías de investigación.

Documentación en que o centro receptor constata a realización da estadía, as súas datas de inicio e finalización e a actividade desenvolvida.

De ser o caso, documento de concesión da axuda para a realización da estadía, expedido pola entidade financiadora.

4.6. Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia.

No caso de patentes concedidas, copia dos documentos oficiais de rexistro e concesión, así como, de ser o caso, dos documentos que acrediten a súa explotación.

No caso de patentes non concedidas, copia dos documentos que acrediten a solicitude e o estado de tramitación. En todo caso, para poder ser valorada unha solicitude de patente, esta deberá ter superado algunha fase que supoña un indicio de calidade.

No caso de rexistros da propiedade intelectual e doutras actividades de transferencia, incluído, nas especialidades de coñecemento en que proceda, o comisariado ou organi-



zación de exposicións e a elaboración de informes técnicos, copia dos documentos que o acrediten.

5. Experiencia profesional.

As persoas candidatas deberán relacionar e incorporar, segundo o caso, os documentos acreditativos en formato pdf que se sinalan a continuación:

a) Traballadores por conta allea:

- Copia dixitalizada en formato pdf do contrato de traballo legalizado.
- Copia dixitalizada en formato pdf do documento xustificativo do período de permanencia en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social (vida laboral).

b) Traballadores autónomos ou profesionais liberais:

- Copia dixitalizada en formato pdf da certificación dos períodos de alta nas actividades económicas declaradas da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ou certificado da situación do Censo de actividades da AEAT, actualizada na data da convocatoria.
- Copia dixitalizada en formato pdf do documento xustificativo do período de permanencia en situación de alta no réxime especial de traballadores autónomos (vida laboral) ou en entidades autorizadas equivalentes.

c) Traballadores do sector público:

- Certificación dos servizos prestados, en que se recollan a categoría profesional, o tipo de actividade realizada, a dedicación e a duración de cada contrato ou nomeamento.

Cada posto desempeñado deberase incorporar nun ítem da aplicación de concursos de xeito que entre a data de inicio e de finalización desa actividade non existan interrupcións. No caso de incorporar máis dunha actividade nun mesmo ítem, valorarase unicamente unha.

6. Outros méritos non valorables en epígrafes anteriores:

a) Coñecemento de linguas estranxeiras.

Certificación do organismo público ou privado recoñecido, en que se acredite este coñecemento.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



b) Outras titulacións universitarias oficiais.

Neste punto valóranse títulos universitarios oficiais distintos dos incorporados noutras epígrafes. Acreditaranse a través da copia do título oficial e da certificación académica correspondente.

c) Outras titulacións e diplomas (grao de licenciatura, etc.).

Neste punto valóranse outras titulacións e diplomas, como o grao de licenciatura, ou os títulos propios (como máster propio, cursos de especialización, etc.) expedidos polas universidades.

Acreditaranse a través da copia do título ou diploma ou da certificación do organismo público ou privado en que se acrediten os estudos realizados.

d) Experiencia en xestión universitaria.

Certificación expedida pola autoridade competente na cal se acredite o exercicio de cargos unipersoais recollidos no catálogo aprobado polo Consello de Goberno da USC (ou os equivalentes doutras universidades) e na cal consten a denominación do cargo e as datas de nomeamento e de cesamento.

e) Outras actividades docentes.

Neste punto valoraranse actividades como a docencia en títulos propios, a dirección ou titorización de traballos académicos, como teses de doutoramento, traballos de fin de grao e máster e proxectos de fin de carreira.

Acreditaranse a través da certificación do organismo público ou privado en que se acrediten os méritos alegados.

f) Outras actividades de investigación.

Neste punto valoraranse actividades como a organización de congresos e reunións científicas, a dirección de publicacións científicas, a participación en consellos de redacción e en comités científicos, etc.

Acreditaranse mediante certificación ou documentación acreditativa da realización do mérito alegado.

CVE-DOG: sb0lozq5-tqd2-0sk3-dlr4-5wpoodpkacu6



g) Outras actividades de divulgación.

Neste punto valoraranse actividades como publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados, impartición de conferencias e seminarios de divulgación científica, organización de xornadas de divulgación científica, etc.

Acreditaranse mediante certificación ou documentación acreditativa da realización do mérito alegado.

h) Título de especialista (só en disciplinas de contido clínico)

Acreditarase mediante o título oficial correspondente.

7. Acreditación para categorías de profesorado e corpos docentes universitarios.

Acreditarase mediante copia da acreditación emitida pola ANACA ou resolución da avaliación positiva emitida pola ANACA ou pola axencia da comunidade autónoma correspondente.

